



CONVOCATORIA DE REUNIÓN ORDINARIA DO CONSELLO SECTORIAL AMBIENTAL DE SADA

Nº de reunión ordinaria: 1/2017

Data: 24 de maio de 2017

Hora: 20:30h.

Lugar: Salón de Plenos municipal

Quedan convocadas a esta reunión todas as persoas e entidades integradas no Consello Sectorial Ambiental de Sada, constituído o 24 de abril de 2017. Aquelas persoas ou entidades interesadas na participación sobre algún dos puntos da orde do día desta reunión, pode facer a súa achega empregado o Rexistro Municipal, escribindo á conta de correo electrónico participa.sada@gmail.com, ou solicitar a súa asistencia a esta reunión empregando estes mesmos medios de contacto.

Orde do día:

1. Normativa municipal sobre benestar animal co fin de contar coas aportacións veciñais para a nova ordenanza, e abordar o emprego de praias para uso de animais..
2. Accións de eficiencia enerxética (IDAE).
3. Consenso de ideas para ser presentadas ás convocatorias de axudas do Grupo de Acción Costeira e ao Grupo de Desenvolvemento Rural.
4. Programa de educación ambiental municipal do ano 2018.

Na sesión de constitución deste Consello acordouse dar prioridade ao tratamento dos catro temas anteriormente sinalados. Se por razóns de tempo fora posible poderán ser abordados tamén os seguintes temas, mais en caso contrario, quedarán pendentes de tratamento para seguintes reunións:

5. Tratamento de espazos naturais a protexer.
6. Mobilidade na área metropolitana.
7. Biodiversidade.
8. Voluntariado ambiental.
9. Custodia do territorio, tanto política como privada.
10. Implantación de sistemas piscícolas e pastorais.
11. Varios.

Concello de Sada

Avenida da Mariña, 25, 15160 Sada (A Coruña)

Tfno: 981920075